

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	VIGO
<b>Dirección</b>	Praza Igrexa, 10
<b>Edificio</b>	Concatedral Basílica de Santa María

## Campás actuais

<b>Nombre</b>	<b>Casimiro (1)</b>
<b>Localización</b>	Torre norte
<b>Medidas (cm)</b>	Diámetro (en cm) 48   Bordo 5   Altura do bronce 45   Peso aproximado (en quilogramos)64 kg
<b>Fundidor</b>	CARESA S. L.
<b>Ano de fundición</b>	2000
<b>Descrición</b>	<p>A campá ten unha breve inscrición, repartida en dous liñas. Di na parte superior "COLEGIATA SANTA MARIA VIGO SIENDO PARROCO D MOISES ALONSO" que deberon escribir como "COLEGIATA DE SANTA MARIA DE VIGO SIENDO PARROCO DON MOISES ALONSO" e embaixo "CASIMIRO AÑO 2000".</p> <p>Don Moisés ALONSO VALVERDE é o párroco da Colexiata (e Concatedral) de Santa María. Xa que logo presumimos que "CASIMIRO" debe ser o nome da campá, aínda que habitualmente o nome e o ano se porían no terzo, e o nome do párroco e da parroquia no medio pé.</p> <p>No medio pé hai á parte exterior a marca de fábrica e á parte interior dous anxos en adoración, aínda que non hai ningún obxecto entre eles. O habitual desta iconografía é unha custodia, aquí ausente.</p> <p>Non é improbable que estas campás non estivesen antes da última intervención e fosen un agasallo da empresa</p>
<b>Fotos</b>	25
<b>Toques</b>	Repenique manual e con electromazo
<b>Conservación, mantemento</b>	Numerosos defectos de fundición. Electromazo bate baixo. Parafusos no muro para subir a campá.
<b>Protección</b>	Protección xenérica ao atoparse nun BIC declarado.
<b>Propostas</b>	Estas dúas campás novas non forman parte do conxunto orixinal. Sería máis coherente a súa localización noutro templo, que carecese de campás, para manter a integridade orixinal dos toques da Catedral.
<b>Autors da documentación</b>	VÁZQUEZ ARES, Mateo
<b>Data</b>	31-01-2022

<b>Nombre</b>	<b>Carme (2)</b>
<b>Localización</b>	Torre norte

<b>Medidas (cm)</b>	Diámetro (en cm) 55   Bordo 6   Altura do bronce 50   Peso aproximado (en quilogramos)96 kg
<b>Fundidor</b>	CARESA S. L.
<b>Ano de fundición</b>	2000
<b>Descrición</b>	<p>A campá ten unha breve inscrición, repartida en tres liñas. Di na parte superior "COLEGIATA SANTA MARIA VIGO SIENDO PARROCO DON MOISES" que deberon escribir como "COLEGIATA DE SANTA MARIA DE VIGO SIENDO PARROCO DON MOISES" e embaixo "ALONSO CARME".</p> <p>Don Moisés ALONSO VALVERDE é o párroco da Colexiata (e Concatedral) de Santa María. Xa que logo presumimos que "CARME" debe ser o nome da campá, aínda que habitualmente o nome e o ano se porían no terzo, e o nome do párroco e da parroquia no medio pé.</p> <p>No medio hai á parte exterior unha Inmaculada e á parte interior a marca de fábrica (campá) "Caresa / campanas".</p> <p>No medio pé di "ANO 2000".</p> <p>Non é improbable que estas campás non estivesen antes da última intervención e fosen un agasallo da empresa.</p>
<b>Fotos</b>	22
<b>Toques</b>	Repenique manual e con electromazo
<b>Conservación, mantemento</b>	<p>Numerosos defectos de fundición.</p> <p>Electromazo bate baixo.</p> <p>Parafusos no muro para subir a campá.</p>
<b>Protección</b>	Protección xenérica ao atoparse nun BIC declarado.
<b>Propostas</b>	Estas dúas campás novas non forman parte do conxunto orixinal. Sería máis coherente a súa localización noutro templo, que carecese de campás, para manter a integridade orixinal dos toques da Catedral.
<b>Autores da documentación</b>	ÁLVARO MUÑOZ, Mari Carmen; LLOP i BAYO, Francesc
<b>Data</b>	10-09-2006

<b>Nombre</b>	<b>Cristo da Vitoria menor (3)</b>
<b>Localización</b>	Torre norte
<b>Medidas (cm)</b>	Diámetro (en cm) 92   Bordo 10   Altura do bronce 75   Peso aproximado (en quilogramos)451 kg
<b>Fundidor</b>	OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)
<b>Ano de fundición</b>	1927
<b>Descrición</b>	<p>Na parte superior a campá leva a usual inscrición das campás galegas "JHS MARIA Y JOSE". JHS é o anagrama de Jesús en latín.</p> <p>Na parte de fóra, no medio, hai unha cruz con pedestal.</p> <p>No medio pé pon en latín "LAUS : TIBI : CHRISTE : VICTORIAE : HONOR : ET : GLORIA : ANNO : MCMXXVII" que pode traducirse como ENCOMIO A TÍ CRISTO DA VICTORIA, HONRA E GLORIA. O ANO 1927.</p> <p>Debaixo, na parte interior, está a marca de fábrica "FUNDIDA POR OCAMPO / EN ARCOS DE LA CONDESA"</p>

<b>Fotos</b>	30
<b>Toques</b>	Repique manual e con electromazo.
<b>Conservación, mantemento</b>	Badalo demasiado curto, bate demasiado alto. Electromazo bate baixo
<b>Protección</b>	Protección xenérica ao atoparse nun BIC declarado.
<b>Propostas</b>	Debe substituírse o electromazo por un mecanismo, de gran velocidade de resposta, que tirase do badalo, mediante cable, e un gancho que puidese quitarse para repicar manualmente de xeito circular. O mecanismo pode ser hidráulico, como os utilizados na Catedral de València. O mecanismo estará utilizado no muro lateral, e tirará dun cable que pase pola polea correspondente. A solución, aparte de ser máis rápida e permitir o toque manual, é moito mais limpa visualmente. Igualmente debe dotarse ao badalo dunha fixación articulada que permita o repique circular sen límites. Os badalos deberán estar protexidos contra a oxidación.
<b>Autors da documentación</b>	VÁZQUEZ ARES, Mateo
<b>Data</b>	31-01-2022

<b>Nombre</b>	<b>Ángel (4)</b>
<b>Localización</b>	Torre norte
<b>Medidas (cm)</b>	Diámetro (en cm) 95   Bordo 9   Altura do bronce 80   Peso aproximado (en quilogramos)496 kg
<b>Fundidor</b>	RUCABADO, JOSÉ
<b>Ano de fundición</b>	1807
<b>Descrición</b>	<p>Na parte superior a campá leva a usual inscrición das campás galegas " #IHS# MARIA Y JOSEF# #AÑO# #DE# #1807# ". IHS é ao anagrama de Jesús en grego.</p> <p>Na parte de fóra, no medio, hai unha cruz con pedestal. Na parte interior hai unha custodia. No medio pé di " #LA UOZ# DEL # ANGEL # ALTO # SUENA # AUEMARIA # GRACIA # PLENA # " que se escribe habitualmente SOY LA VOZ DEL ANGEL QUE EN ALTO SUENA AVE MARIA GRACIA PLENA ou mellor aínda en latín AVE MARIA GRATIA PLENA.</p> <p>"AVE MARIA GRATIA PLENA DOMINUS TECUM" é unha variante do saúdo angélico a María en Lc 1:28, onde escriben "AVE, GRATIA PLENA, DOMINUS TECUM" que pode traducirse como CHE SAÚDO, CHEA DE GRAZA, O SEÑOR ESTÁ CONTIGO" A inclusión do nome de María, que no relato evangélico figura no versículo anterior, é habitual nestes textos. Tamén é relativamente normal a confusión de GRACIA por GRATIA, nun momento en que as linguas vulgares comezan a ter máis uso que o latín.</p> <p>No pé está o nome do fundidor, mal documentado. Parece que di "DON JOSEF DE RVCABADO ME FECIT" aínda que as dúas últimas palabras son moi dubidosas e deben verificarse.</p>
<b>Fotos</b>	45
<b>Toques</b>	Repique manual e con electromazo. A localización do electromazo no interior da campá limita en gran parte os toques manuais.

<b>Conservación, mantemento</b>	Badalo demasiado curto, pega demasiado alto Electromazo pega baixo. Electromazo golpea por dentro e dificulta o toque manual. Soporte auxiliar de ferro para o eixo esquerdo.
<b>Protección</b>	Protección xenérica ao atoparse nun BIC declarado. No entanto debería incoarse expediente para incluír a campá e a instalación orixinal no Inventario Xeral de Bens Mobles, debido ao interese do conxunto.
<b>Propostas</b>	Debe substituírse o electromazo por un mecanismo, de gran velocidade de resposta, que tirase do badalo, mediante cable, e un gancho que puidese quitarse para repicar manualmente de xeito circular. O mecanismo pode ser hidráulico, como os utilizados na Catedral de València. O mecanismo estará utilizado no muro lateral, e tirará dun cable que pase pola polea correspondente. A solución, aparte de ser máis rápida e permitir o toque manual, é moito mais limpa visualmente. Igualmente debe dotarse ao badalo dunha fixación articulada que permita o repique circular sen límites. Os badalos deberán estar protexidos contra a oxidación.
<b>Autors da documentación</b>	VÁZQUEZ ARES, Mateo
<b>Data</b>	31-01-2022

<b>Nombre</b>	<b>Santa Bárbara (5)</b>
<b>Localización</b>	Torre norte
<b>Medidas (cm)</b>	Diámetro (en cm) 97   Bordo 10   Altura do bronce 85   Peso aproximado (en quilogramos)528 kg
<b>Fundidor</b>	RODRÍGUEZ, JUAN ANTONIO
<b>Ano de fundición</b>	1782
<b>Descricion</b>	A campá ten unha inscrición mal documentada na parte superior: "IHS S... DE VIGO I S BÁRBARA RO[...] POR NOS" Hai unha parte incompleta ao principio, que pode ser SALVADOR ou SEÑOR, mentres que a segunda falta está cuberta por defectos irreversibles de fundición. Seguramente querían pór ROGAD. É a primeira vez que atopamos a expresión NOS, no canto de NOBIS (en latín) ou NOSOTROS (en español). No medio hai, á parte exterior, unha cruz con pedestal. No medio pé interior unha imaxe de Santa Bárbara. Embaixo di "SE HIZO ANO DE 1782 SIENDO PROCVRADOR GENERAL D <sup>N</sup> DIEGO DE MARZIA" que deberon escribir SE HIZO EL AÑO DE 1782 SIENDO PROCURADOR GENERAL DON DIEGO DE MARZIA. No pé, á parte interior, atópase a marca de fábrica, cunha firma tamén única: " # JVAN # ANT <sup>OU</sup> # / # RODRIGVEZ # / # FECIT # / # ME # " é dicir JUAN ANTONIO RODRIGUEZ FÍXOME. No entanto o habitual é pór, en latín, ME FECIT.
<b>Fotos</b>	43
<b>Toques</b>	Repique manual e con electromazo.
<b>Conservación, mantemento</b>	Numerosos defectos de fundición na parte superior, que afectan ás decoracións e ao texto. Asas (non encaixadas no cepo novo). Desgaste de campá por toque circular do badalo.

<b>Protección</b>	Protección xenérica ao atoparse nun BIC declarado. No entanto debería incoarse expediente para incluír a campá e a instalación orixinal no Inventario Xeral de Bens Mobles, debido ao interese do conxunto.
<b>Propostas</b>	Debe substituírse o electromazo por un mecanismo, de gran velocidade de resposta, que tirase do badalo, mediante cable, e un gancho que puidese quitarse para repicar manualmente de xeito circular. O mecanismo pode ser hidráulico, como os utilizados na Catedral de València. O mecanismo estará utilizado no muro lateral, e tirará dun cable que pase pola polea correspondente. A solución, aparte de ser máis rápida e permitir o toque manual, é moito mais limpa visualmente. Igualmente debe dotarse ao badalo dunha fixación articulada que permita o repique circular sen límites. Os badalos deberán estar protexidos contra a oxidación.
<b>Autors da documentación</b>	VÁZQUEZ ARES, Mateo
<b>Data</b>	31-01-2022

<b>Nombre</b>	<b>Cristo da Vitoria e Santa María (6)</b>
<b>Localización</b>	Torre norte
<b>Medidas (cm)</b>	Diámetro (en cm) 123   Bordo 13   Altura do bronce 95   Peso aproximado (en quilogramos)1077 kg
<b>Fundidor</b>	OCAMPO, JUAN (ARCOS DA CONDESA)
<b>Ano de fundición</b>	1943
<b>Descricion</b>	<p>Na parte superior a campá leva a usual inscrición das campás galegas "JHS MARIA Y JOSE AÑO DE 1943". JHS é o anagrama de Jesús en latín.</p> <p>Na parte de fóra, no medio, hai unha cruz con pedestal.</p> <p>Na parte interior hai un longo texto en latín "IN HONORE D. N. J. DE VICTORIA NUNCUPATI : EJUSQUE GENETRIS B. M. V. SUB TITULO ASSUMPTIONIS : HUIUS PAROCHIAE D. PATRONAE : IN DIE FESTIVITATIS S CORPORIS ET S JOANNIS : ANNI DOMINI FAUSTINOS ANDE ET GARCIA ADAS / PARACHUS BENEDIXIT # # # # " que deberon escribir sen abreviaturas "IN HONORE DOMINI NOSTRI JESUCHRISTO DE VICTORIA NUNCUPATI : EJUSQUE GENETRIS BEATI MARIAE VIRGINIS SUB TITULO ASSUMPTIONIS : HUIUS PAROCHIAE DICATA PATRONAE : IN DIE FESTIVITATIS SANCTISSIMUS CORPORIS ET SANCTE JOANNIS : ANNI DOMINI FAUSTINOS ANDE ET GARCIA ADAS / PARACHUS BENEDIXIT # # # # " que pode traducirse como EN HONRA DO NOSO SEÑOR XESUCRISTO, PROPIAMENTE CHAMADO DA VICTORIA E DA SUA NAI SANTA MARÍA VIRXE, DECLARADA PATROA DESTA PARROQUIA BAIXO O TÍTULO DA ASUNCIÓN, NO DÍA DA FESTIVIDADE DO SANTÍSIMO CORPO (DE CRISTO) E DE SAN JUAN, NO ANO DO SEÑOR (CITADO) BENDÍXOME O PÁRROCO FAUSTINO ANDE E GARCÍA ADAS.</p> <p>Debaixo, na parte interior, está a marca de fábrica "FUNDIDA POR OCAMPO / EN ARCOS DA CONDESA"</p>
<b>Fotos</b>	32
<b>Toques</b>	Repique manual e con electromazo.

<b>Conservación, mantemento</b>	Desgaste de campá por toque circular do badalo. O electromazo interior impide o repique circular tradicional.
<b>Protección</b>	Protección xenérica ao atoparse nun BIC declarado.
<b>Propostas</b>	Debe substituírse o electromazo por un mecanismo, de gran velocidade de resposta, que tirase do badalo, mediante cable, e un gancho que puidese quitarse para repicar manualmente de xeito circular. O mecanismo pode ser hidráulico, como os utilizados na Catedral de València. O mecanismo estará utilizado no muro lateral, e tirará dun cable que pase pola polea correspondente. A solución, aparte de ser máis rápida e permitir o toque manual, é moito mais limpa visualmente. Igualmente debe dotarse ao badalo dunha fixación articulada que permita o repique circular sen límites. Os badalos deberán estar protexidos contra a oxidación.
<b>Autors da documentación</b>	VÁZQUEZ ARES, Mateo
<b>Data</b>	31-01-2022

<b>Nombre</b>	<b>Campá dos cuartos (A)</b>
<b>Localización</b>	Torre sul
<b>Medidas (cm)</b>	Diámetro (en cm) 70   Bordo   Altura do bronce   Peso aproximado (en quilogramos)199 kg
<b>Fundidor</b>	MUNAR I, JUAN DE (MERUELO)
<b>Ano de fundición</b>	1630ca
<b>Descricion</b>	Campá inaccesible. Soamente pódese ler no medio pé "... DE MVNAR ME FECIT ANO DE ..." O ano non se pode documentar pola cor da campá e a distancia. Un Juan de Munar traballaba en Galicia onde morreu en 1630. Quizais fose deste autor e sería xa que logo do século XVII, o que soamente pode verificarse accedendo á campá. No medio ten cruz con pedestal.
<b>Fotos</b>	10
<b>Toques</b>	O electromazo non funciona en setembro de 2006
<b>Conservación, mantemento</b>	Badalo de campá tirado no chan (asa badajera rota por exceso de óxido? Rotura relativamente habitual en Galicia)
<b>Protección</b>	Protección xenérica ao atoparse nun BIC declarado. Segundo a antigüidade da campá podería ser incoada como BIC ou introducida no Inventario Xeral de Bens Mobles.
<b>Propostas</b>	Seria conveniente repor o mazo exterior por gravidade, para recuperar a sonoridade orixinal da campá. Este mecanismo pode ser movido por un motor eléctrico ou por un sistema hidráulico, como o resto das campás. Non parece necesario repor o badalo, pois a campá dos cuartos non adoita utilizarse, nin sequera para toques extraordinarios.
<b>Autors da documentación</b>	ÁLVARO MUÑOZ, Mari Carmen; LLOP i BAYO, Francesc
<b>Data</b>	10-09-2006

<b>Nombre</b>	<b>Campá das horas (B)</b>
<b>Localización</b>	Torre sul
<b>Medidas (cm)</b>	Diámetro (en cm) 100   Bordo 10   Altura do bronce 80   Peso aproximado (en quilogramos)579 kg
<b>Fundidor</b>	PALLÉS, YSIDRO
<b>Ano de fundición</b>	1860
<b>Descricion</b>	Ten unha inscrición concisa, característica das campás municipais para reloxo:"VIGO / EL AYUNTAMIENTO DE / 18 60" No medio pé figura unha custodia á parte exterior; á dereita San José, á parte interior a marca de fábrica "(campá) CONSTRUIDA (campá) / POR / YSIDRO PALLEES / EN / BARCELONA" e á esquerda unha Virxe con Neno. As asas da campá están adornadas con mascarons.
<b>Fotos</b>	23
<b>Toques</b>	Horas do reloxo
<b>Conservación, mantemento</b>	Badalo substituído polo electromazo interior
<b>Protección</b>	Protección xenérica ao atoparse nun BIC declarado.
<b>Propostas</b>	Seria conveniente repor o mazo exterior por gravidade, para recuperar a sonoridade orixinal da campá. Este mecanismo pode ser movido por un motor eléctrico ou por un sistema hidráulico, como o resto das campás. O badalo debe ser repostado para toques extraordinarios.
<b>Autores da documentación</b>	ÁLVARO MUÑOZ, Mari Carmen; LLOP i BAYO, Francesc
<b>Data</b>	10-09-2006

Información completa: [Concatedral Basílica de Santa María - \(GALICIA\)](#)

PDF (04-07-2026)